

4º Advento. (B)

EVANXEO

+ Lucas 1,26-38

Os seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.

Entrando onde estaba ela, díxolle:

-Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.

Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel. O anxo continuou:

-Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás á luz un fillo, ó que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.

María respondeulle ó anxo:

-¿E como pode ser isto, pois eu son virxe?

O anxo replicoulle:

-O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles.

María contestou:

-Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches.

E o anxo marchou de onde ela.

Palabra de Deus.

HOMILIA

24 de decembro de 2017

CON ALEGRÍA E CONFIANZA

(Ver ciclohomilía B - 2011-2012)

José Antonio Pagola

Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

21 de decembro de 2014

UN ANUNCIO SORPRENDENTE

(Véxase homilía 2008/12/21)

José Antonio Pagola

Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

18 de decembro de 2011

CON ALEGRÍA E CONFIANZA

O Concilio Vaticano II presenta a María, Nai de Xesús Cristo, como «prototipo e modelo para a Igrexa», e descríbena como muller humilde que escoita a Deus con confianza e alegría. Desde esa mesma actitude temos de escoitar a Deus na Igrexa actual.

«Alégrate». É o primeiro que María escoita de Deus e o primeiro que temos de escoitarmos tamén hoxe. Entre nós falta alegría. Con frecuencia nos deixamos contaxiar pola tristeza dunha Igrexa envellecida e gastada. Xa non é Xesús Boa Noticia? Non sentimos a alegría de sermos os seus seguidores? Cando falta a alegría, a fe perde frescura, desaparece a cordialidade, arrefría a amizade entre os crentes. Todo se fai máis difícil.

É urxente nas nosas comunidades espertarmos a alegría e recuperarmos a paz que Xesús nos deixou en herdanza.

«O Señor está contigo». Non é fácil a alegría na Igrexa dos nosos días. Só pode nacer da confianza en Deus. Non estamos orfos. Vivimos invocando cada día a un Deus Pai que nos acompaña, que nos defende e busca sempre o ben para todo ser humano. Deus está tamén connosco.

Esta Igrexa, ás veces tan desconcertada e perdida, que non acerta a volver ao Evanxeo, non está soa. Xesús, o Bo Pastor, estanos buscando. O seu Espírito estanos atraendo. Contamos co seu alento e comprensión. Xesús non nos abandonou. Con el todo é posíbel.

«Non temas». Son moitos os medos que nos paralizan aos seguidores de Xesús. Medo ao mundo moderno e a unha sociedade descrida. Medo a un futuro incerto. Medo á conversión ao Evanxeo. O medo estanos facendo moito dano. Impídenos camiñar cara ao futuro con esperanza. Encérranos na conservación estéril do pasado. Medran as nosas pantasma. Desaparece o realismo san e a sensatez evanxélica.

É urxente construírmos unha Igrexa da confianza. A fortaleza de Deus non se revela nunha Igrexa poderosa, senón humilde. Tamén nas nosas comunidades temos de escoitarmos nós as palabras que escoita María: «Non temas».

«Darás a luz un fillo, e poñerásle por nome Xesús». Tamén a nós, como a María, se nos confía unha misión: contribuírmos a poñer luz no medio da noite. Non estamos chamados a xulgarmos ao mundo, senón a sementar esperanza. A nosa tarefa non é apagarmos a mecha que se extingue, senón acendermos a fe que, en non poucos, está querendo agromar: temos de axudar aos homes e mulleres de hoxe a descubriren a Xesús.

Desde as nosas comunidades, cada vez máis pequenas e humildes, podemos ser fermento dun mundo máis san e fraterno. Estamos en boas mans. Deus non está en crise. Somos nós os que non nos atrevemos a seguir a Xesús con alegría e confianza. María ha ser o noso modelo.

José Antonio Pagola
Traduciu: Xaquín Campo

HOMILIA

21 de decembro de 2008

UN ANUNCIO SORPRENDENTE

Lucas narra o anuncio do nacemento de Xesús nun estreito paralelismo co do Bautista. O contraste entre ambas escenas é tan sorprendente que nos permite entrevermos con luces novas o Misterio do Deus encarnado en Xesús.

O anuncio do nacemento do Bautista sucede en «Xerusalén», a grandiosa capital de Israel, centro político e relixioso do pobo xudeu. O nacemento de Xesús anúnciase nun pobo descoñecido das montañas de Galilea, unha aldea sen relevo algún, chamada «Nazaret», de onde ninguén espera que poida saír nada bo.

Anos máis tarde, estes pobos humildes acollerán a mensaxe de Xesús anunciando a bondade de Deus. Xerusalén pola contra rexeitarao. Case sempre, son os pequenos e insignificantes os que mellor entenden e acollen ao Deus encarnado en Xesús.

O anuncio do nacemento do Bautista ten lugar no espazo sagrado do «templo». O de Xesús nunha casa pobre dunha «aldea». Xesús farase presente alí onde as xentes viven, traballan, gozan e sofren. Vive entre eles aliviando o sufrimento e ofrecendo o perdón do Pai. Deus fíxose carne, non para permanecer nos templos, senón para «poñer a súa morada entre os homes» e compartir a nosa vida.

O anuncio do nacemento do Bautista escóitao un «varón» venerábel, o sacerdote Zacarías, durante unha solemne celebración ritual. O de Xesús, fáiselle a María, unha «moza» duns doce anos. Non se indica onde está nin que está a facer. A quen pode interesarlle o traballo dunha muller? Con todo, Xesús, o Fillo de Deus encarnado, mirará ás mulleres de xeito diferente, defenderá a súa dignidade e acolleraas entre os seus discípulos.

Para rematar, do Bautista anúnciase que nacerá de Zacarías e Isabel, unha parella estéril, bendicida por Deus. De Xesús dise algo absolutamente novo. O Mesías nacerá de María, unha moza virxe. O Espírito de Deus estará na orixe da súa aparición no mundo. Por iso, «será chamado Fillo de Deus». O Salvador do mundo non nace como froito do amor duns esposos que se queren mutuamente. Nace como froito do Amor de Deus a toda a humanidade. Xesús non é un agasallo que nos fan María e Xosé. É un agasallo que nos fai Deus.

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>